LÉXICO DAS FESTAS

1. **Identifica, cos seus números, os nomes dos diferentes elementos desta festa ou romaría popular.**



santo → .....

carrusel → .....

grilandas → .....

capela → .....

polbeira → .....

procesión → .....

rosquilleira → .....

caseta de tiro → .....

fogueteiro → .....

romeiro → .....

gaiteiro → .....

andas → .....

baile → .....

foguete → .....

banda de música → .....

exvoto → .....

palco → .....

crego → .....

campo da festa → .....

nora → ...

2. Fai corresponder estas palabras con cadanseu significado.

enxoval - esponsais - Coresma - choqueiro - partillas - xaneiras

• Cantigas populares propias do Aninovo. →

• Promesa de matrimonio feita entre futuros esposos. →

• Individuo disfrazado de forma descoidada, con calquera roupa e con careta. →

• Conxunto de pezas de roupa e mobles que os noivos levan ao matrimonio. →

• Período de corenta e seis días que vai do mércores de Cinsa ata o día de Pascua. →

• Parte da herdanza que lle corresponde a cada un dos herdeiros. →

• No Enterro da Sardiña, xusto cando comeza a _____, a min gústame ir de:

• Onte reuníronse os meus tíos con todos os seus fillos para facer as:

• O que máis me gusta do Nadal é escoitar como cantan as _____a xente da vila.

• Xa están feitos os _____, así que cómpre ir preparando o teu _____para a voda.